



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 15 DE ABRIL DE 2025.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día quince de abril de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 31 DE MARZO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 31 de marzo de 2025.

2. SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA.- No marco da Resolución de Augas de Galicia do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (código de procedemento AU301E), e conforme ao seu artigo 11.1.c), ACÓRDASE:

- a) Aprobar o proxecto denominado “actuación para minimizar as perdas de auga na rede de abastecemento no núcleo de Beade”.
- b) Declarar que o Concello de Beade está en disposición de executar as obras e/ou instalación de equipamentos e está en posesión das autorización e permisos necesarios.

3.- APROBACIÓN PROXECTO OBRA PLAN PROVINCIAL DEPUTACIÓN 2025.- Unha vez aprobado pola Deputación Provincial o Plan Provincial de obras e servizos municipais 2025, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

- Aprobar o proxecto da obra “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN BEADE”, cun orzamento de 15.484,83 €.
- Facer constar que as obras non incorren en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente.
- Manifestar que existe dispoñibilidade de terreos necesarios para levar a cabo as actuacións.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

- Que as obras son conformes coa legalidade urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón de todas as autorizacións necesarias para a súa execución.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.



O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.



O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro